


novas
en

branco e negro

Nº 15 - Xullo 2003



O periódico
dos criadores de frisón de Galicia



XII CONCURSO AUTONÓMICO FEFRIGA '03 XXV CONCURSO INTERNACIONAL SEMANA VERDE



Con 146 animais presentes no certame, o pasado día 2 de Maio ás 10h.30, **D. Eduardo García Frías**, Xuíz Internacional e Presidente da Asociación Holstein de México, iniciaba o xulgamento dos concursos Autonómico e Internacional.

Das extraordinarias xovencas presentadas este día, D. Eduardo, designou como **Becerra Campiona de Galicia e Campeona Internacional** a un extraordinario animal de nome **Bos Mantoño Jolt RANIA ET**, propiedade da Gandería Mantoño (Barreiros-LU).

O título de **Xovenca Campiona de Galicia e Internacional** conquistouno unha estupenda novilla propiedade de Gandería CID (Barreiros-LU) de nome **Cid Astre ROSI**, quen a continuación acadou os títulos de **Novilla Gran Campiona de Galicia e Gran Campeona Internacional**.

O día 3, no xulgamento de vacas en lactación, o premio de **Vaca Xove Campiona de Galicia** conquistabao **Bos Winchester BALA ET**, este estupendo animal, propiedade de Xercas-Sat Cavadas (Xermade-LU), conquistou igualmente o título de **Subcampeona Joven Internacional** sendo **Reto DARLIN Red Marker**, propiedade da Soc. Coop. Reto A la Esperanza de Cantabria a Campiona.

Finalmente nos campionatos de vacas adultas o título de **Campiona de Galicia e Internacional** recaeu en **Bos Astre BAIÑA**, propiedade da Gandería Cobas (Silleda-PO), quen ademais conquistou os títulos de **Gran Campiona de Galicia e Internacional, Mellor Ubre de Galicia e Segunda Ubre Internacional, sendo para CORNELIA Nero**, de Gandería Mantoño (Barreiros-LU) o título de **Mejor Ubre Internacional**.

Destes extraordinarios concursos queremos salientar: a gran calidade dos animais presentados, así como a súa perfecta doma e preparación. A maxistral actuación e a enorme calidade humana do Xuíz, D. Eduardo García Frías. Os servicios, atencións e facilidades que para a súa organización nos prestou Semana Verde e a gran asistencia de Profesionais e público en xeral que nos acompañou tanto durante os concursos como durante a celebración da **VII Subhasta Top-Bos**.



A todos vos, gandeiros concursantes, Sr. Xuíz, Fundación Semana Verde, profesionais e público en xeral, dámos-vos as gracias polo voso apoio e incondicional colaboración.

XVII Escola de Xuíces Gandeiros Fefriga '03

Provincia de A Coruña
do 30 de Xullo ó 1 de Agosto

ELECCIÓNS EN CONAFE

A Xunta Directiva de Conafe, tra-las eleccións celebradas o pasado día 3 de Xuño quedou constituída como segue:

Presidente:

D. Domingo Canut Esteva (FEFRIC)

Vicepresidente:

D. José Aquilino Rodríguez López (FEFRIGA)

Secretario:

D. Jesús Fco Méndez Méndez (ASCOLAF)

Tesorero:

D. José Cruañes Oliver (AFRIARA)

Interventor:

D. Jaime Olascoaga Enseñat (AFB)

Vocais:

D. José Luis Pereda Hondal (AFA)
D. José Manuel Saiz González (AFCA)
D. Jesús Villanueva Marín (AFNA)
D. Antonio Barragán Morales (AFEX)
D. Alejandro Arasanz Balongo (AFRICAMA)
D. Ramón Garcerá Pérez (AFRIVAL)
D. Julián Rodríguez Ancos (AFRIDEMA)
D. Valentín Novales (EFRIFE)
D. Fernando Alonso Pimentel (FEFRICALE)

DATAS A LEMBRAR

30 de Xullo ó 1 de Agosto
XVII Escola de Xuíces Gandeiros Fefriga 2003
25 ó 28 de Setembro (Xixón - Asturias)
XXV Concurso Nacional de Otoño Conafe '03

INSIGNIA DE OURO DE FEFRIGA


Según o programado, o 3 de maio, ó finalizar o xulgamento do Concurso, o *Presidente de Fefriga, D. José Aquilino Rodríguez López*, impuxo a Insignia de Ouro de Fefriga ó *Presidente do Consello de Estado, Excmo. Sr. D. José Manuel Romay Beccaría*, por ser, durante o seu mandato como Conselleiro de Agricultura, o impulsor do *Plan Integral de Mellora Xenética de Galicia*.

Nas palabras que nos dirixiu o Excmo. Sr. Romay, á vez que agradecía o recoñecemento do que era obxecto, congratulábase dos froitos que xerou e xera dito Plan, facendo fincapé nos *bos resultados que se obteñen cando a Administración, tras dialogar, oír, e analiza-los problemas e necesidades que ten un sector, apoia e pón os medios necesarios, para que dito sector sexa o protagonista do seu propio desenvolto.*



Momento da imposición da Insignia de ouro de Fefriga

BOS NOS CONCURSOS



Grupo de vacas "BOS" en Semana Verde

A medida que vai pasando o tempo e que o número de fillas provintes do Programa de Transferencia Embrionaria que Consellería e Fefriga desenrolamos na UTE de Bos, vaise incrementando, vemos cada vez con maior frecuencia, os extraordinarios froitos que dito Programa xera, e que unha vez máis quedou patente ó longo dos Concursos Autonómico e Internacional, nos que os animais de Bos conseguiron os seguintes premios:

- VACA ADULTA CAMPIONA DE GALICIA
- VACA ADULTA CAMPEONA INTERNACIONAL
- VACA GRAN CAMPIONA DE GALICIA
- VACA GRAN CAMPEONA INTERNACIONAL
- Bos Astre BAIÑA EX - Gand. Cobas (Silleda-PO)**

VACA XOVE CAMPIONA DE GALICIA
VACA JOVEN SUBCAMPEONA INTERNACIONAL
Bos Winchester BALA ET BB83 1ºp.
Sat Cavadas (Xermade-LU)

MELLOR CRIADOR DE GALICIA
MEJOR CRIADOR INTERNACIONAL

UTE BOS cos animais:
Bos Astre BAIÑA EX
Gandería Cobas (Silleda-PO)
Bos Grand LADRA ET MB87
Granxa Caxigueira (Ortigueira-C)
Bos Winchester BALA ET
Xercas-Sat Cavadas (Xermade-LU)

MELLOR UBRE DE GALICIA
2ª UBRE INTERNACIONAL
Bos Astre BAIÑA EX - Gand. Cobas (Silleda-PO)

BECERRA CAMPIONA DE GALICIA
TERNERA CAMPEONA INTERNACIONAL
Bos Mantoño Jolt RANIA ET
Gand. Mantoño (Barreiros-LU)

ademais de:

CONCURSO AUTONÓMICO
3 primeiros premios de sección
2 segundos premios de sección
1 terceiro premio de sección

CONCURSO INTERNACIONAL
3 primeiros premios de sección
1 segundo premio de sección
2 cuartos premios de sección

VII SUBHASTA TOP-BOS

Con gran afluencia de público, que abarrotaba as gradas e inmediacións da zona de subhasta, o pasado 3 de Maio, ás 17h.30, daba comezo a **VII Subhasta TOP-BOS**, na que se puxeron á venda 19 extraordinarios animais (15 femias e 4 machos) así como 4 lotes de embrións, provintes do Programa de Transferencia Embrionaria que Consellería e Fefriga desenrolan na Finca de Bos.

despertara gran interés entre un nutrido grupo de compradores galegos, do resto do estado e incluso extranxeiros, que se desprazaron ata Silleda ca intención de mercar algún dos extraordinarios animais ou embrións ofertados.

Boa mostra do interés e alta valoración que o noso Programa desperta, son os prezos acadados na subhasta, cuia media foi a seguinte (IVE engadido):

Femias 4.087,40€ (680.086 ptas)
Machos 1.819,00€ (302.656 ptas)
Embrións 1.003,13€ (166.907 ptas)



Momento da subhasta

A pesar da crise na que se atopa inmerso o sector leiteiro, a gran calidade xenética e morfolóxica do gando a subhastar, fixo que



Agustin, de La Ponderosa, con Bos Progress AZUMARA MB86 1ºparto

O animal máis cotizado da subhasta foi **Bos Progress AZUMARA MB86 1ºparto**, pola que *La Ponderosa*, de *Puente San Miguel*, Cantabria pagou 11.200 + IVE (1.993.970 ptas).

Lote	Animal / Embrións	Prezo	Comprador
1.	Bos Igniter CORAL	2.800 €	Casa Xepe (LUGO)
2.	Bos Celsius ARINSAL	2.000 €	Castellars, S.C.P. (LLEIDA)
3.	Bos Manfred NOITE ET BB82 1ºp	1.800 €	Gandería Purutú (LUGO)
4.	Bos Metro MARUXAINA ET BB83 1ºp	2.600 €	Xercas - Portalousa (LUGO)
5.	Bos Terry CATUXA ET MB86 1ºp	6.000 €	Xercas - Portalousa (LUGO)
6.	Bos Lee RAIÑA ET MB86 1ºp	5.000 €	Gandería Machatín (LUGO)
7.	Bos Lee CHISPA ET MB86 1ºp	3.300 €	Xercas - Sat Cavadas (LUGO)
8.	Bos Commotion ROSITA ET BB83 1ºp	2.800 €	Marquet Pastisse, S.C.P. (LLEIDA)
9.	Bos Progress TESA ET BB83 1ºp	2.500 €	Caseiro de Ernes Sat (LUGO)
10.	Bos Decision CAMARA ET BB83 1ºp	2.300 €	Gandería Louzao (PONTEVEDRA)
11.	Bos Progress MARLA ET BB84 1ºp	4.000 €	Agrícola Junquera Colmeiro (PO)
12.	Bos Progress AZUMARA MB86 1ºp	11.200 €	La Ponderosa (CANTABRIA)
13.	Bos Gibbon TRONCEDA ET MB86	3.600 €	Xercas - Sat Cavadas (LUGO)
14.	Bos Rudolph VILACOVA ET MB86	3.100 €	Sat Blanco (PONTEVEDRA)
15.	Bos Rudolph TRABADA MB87	4.300 €	Gandería Cobas (PONTEVEDRA)
16.	Bos Igniter COVO	1.400 €	Marquet Pastisse, S.C.P. (LLEIDA)
17.	Bos Lee DONUT ET	1.800 €	Castellars, S.C.P. (LLEIDA)
18.	Bos Storm RUBITRON ET	2.100 €	Camino del Castillo (SEVILLA)
19.	Bos Progress LADRON	1.500 €	Martinez Bonome P., Sat (LUGO)
20.	2 Emb. de ANTIGA x RUBENS	1.700 €	La Ponderosa (CANTABRIA)
21.	2 Emb. de CURUXA x ALLEN	700 €	Finca Borda del Riu (LLEIDA)
22.	2 Emb. de MAROÑAS x RUBENS	600 €	Sat Os Taboada (LUGO)
23.	2 Emb. de TRONCEDA x MORTY	750 €	Ramón Moreira García (CORUÑA)

III CONCURSO DE PINTURA FEFRIGA 2003

O pasado día 22 de abril, ás 19h.30 e nas instalacións da Fundación Semana Verde de Galicia en Silleda, reuniábase o Xurado Cualificador do **III Concurso de Pintura "Fefriga '03"**, composto nesta ocasión polos Sres **D. Anxo Vázquez Pernas**, Director do programa da TVG "O Agro", actuando como Presidente do Xurado. **D. Pablo Viz Otero**, Redactor de "La Voz de Galicia", que actuou como Secretario; e como vocais o **Ilmo. Sr. D. Manuel Díaz Cano**, Director do Centro de Formación, Investigación e Tecnoloxía Agraria de Galicia, **D. José Aquilino Rodríguez López**, Presidente da Federación Frisona Galega e **D. Antonio García Frade**, Tesoureiro da Asociación Ferial Semana Verde.

Tras examinar unha a unha, as máis de 120 obras presentadas, as obras gañadoras foron:

Categoría ALEVÍN (de 3 a 7 a.)




- 1º Noel Rodríguez Alvite (Pol - LU)
- 2º Lucía Pérez Vázquez (Silleda - PO)
- 3º Sandra Varela García (A Pastoriza - LU)
- 4º Almudena Saavedra Bouza (Ortigueira - C)
- 5º Alejandro Muñoz Ruiz-Dana (Silleda - PO)

Categ. INFANTIL (8 a 12 a.)



- 1º María Carbón Sabín (A Capela - C)
- 2º Andrea Dapena Villaverde (Forcarei - PO)
- 3º Paula Barreiro Martínez (Forcarei - PO)
- 4º Verónica Panadeiro Castro (Forcarei - PO)
- 5º Angel García Arias (Silleda - PO)

Categ. JUNIOR (13 a 15 a.)



- 1º Martín Castro Segade (Arzúa - C)
- 2º Jessica Bello Ben (Abadín - LU)
- 3º Daniel Carbón Sabín (A Capela - C)
- 4º Sonia Mouriño Reboredo (Lalín - PO)
- 5º Carlos Calvo Varela (Ordes - C)

